



CONCELLOS

ALFOZ

Anuncio

En cumprimento do indicado no artigo 44.2 e 46.2 do Real Decreto 2568/1986, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, ponse en público coñecemento o Decreto da Alcaldía n.º 427 /2019 , de data 18 de xuño de 2019 , tras corrección de erros acordado por Decreto 432/2019, de data 20 de xuño, que literalmente di:

Logo da Constitución da Corporación o día 15 de xuño de 2019 e téndose efectuado a toma de posesión do cargo da Alcaldía do Concello de Alfoz na mesma sesión.

Visto que, de conformidade co artigo 23 da Lei 7/1985, Reguladora das Bases do Réxime local (LBRL), a Alcaldía pode delegar o exercicio de determinadas atribucións aos Tenientes de Alcalde cando non exista Xunta de Goberno Local.

De conformidade co artigo 43 do Real Decreto 2568/1986, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, as delegacións competenciais poden ser xenéricas (referidas a unha ou varias áreas ou materias determinadas, poidéndose adaptar aos servizos que se presten no concello), ou especiais(para cometidos específicos, que se pode realizar en favor de calqueira concelleiro).

Visto que as delegacións xenéricas poden abarcar tanto a facultade de **xestionar** os servizos (entendendo por xestión a planificación), a facultade de **dirixir** (executar o planificado) e a facultade de **resolver** mediante actos administrativos que afecten a terceiros.

Visto que se a resolución de delegación se refire xenéricamente a unha materia ou sector de actividade , sen especificar as potestades, se entenderá que comprende todas as facultades indicadas (dirección, xestión e resolución), dereitos e deberes referidos á materia delegada , coa excepción das que a LBRL indica como indelegables.

Por outra banda, O Alcalde poderá efectuar delegacións especiais en calqueira conselleiro para a dirección e xestión de asuntos determinados incluídos nas áreas que xa foron obxecto de delegación xenérica, e neste caso, o Concelleiro que ostente a delegación xenérica terá a facultade de supervisar a actuación dos concelleiros con delegacións especiais para cometidos específicos engadidos na súa área.

Á vista do exposto, e a fin de dotar de seguridade xurídica ao reparto competencial entre a Alcaldía e a Tenencia de Alcaldía e concelleiros para mellorar a eficacia e celeridade nas actuacións municipais, esta Alcaldía, en exercicio das competencias legalmente atribuídas polos artigos 21 da Lei 7/1985, reguladora das Bases do Réxime Local e artigo 61 da Lei 5/1997, de Administración Local de Galicia, e de conformidade co establecido no artigo 46.1 do Real Decreto 2568/1986, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, RESOLVIN:

PRIMEIRO.-

1.1.- Nomear Primeira Teniente de Alcalde á Concelleira Dona Ana Aránzazu Incera Ares.

1.2.- Nomear Segundo Teniente de Alcalde ao concelleiro Don Cándido Paleo Rejes.

Aos Tenientes de Alcalde, en canto tal, corresponderálle substituír a esta Alcaldía, pola orde do seu nomeamento, na totalidade das súas funcións en casos de ausencia, enfermidade ou impedimento que imposibilite para o exercicio das súas funcións , así como desempeñar as funcións do Alcalde nos supostos de vacante na Alcaldía ata que tome posesión o novo Alcalde.

SEGUNDO.- Conferir as seguintes delegacións :

2.1.- Efectuar a favor da **Primeira Teniente de Alcalde**, delegación **xenérica**, engadidas as facultades de xestionar, dirixir e resolver mediante actos administrativos con eficacia fronte a terceiros, nas áreas adscritas á **Delegación de Servizos Sociais, Igualdade, Turismo e Atención ao veciño**.

A delegación xenérica comprende, entre outros,:

- a) A programación das políticas municipais nas materias da súa competencia.
- b) A representación e inspección da Concellería da que é titular.
- c) A dirección do persoal adscrito aos servizos referidos, en concreto, a dirección do funcionamento da oficina de información turística.
- d) O exercicio da potestade sancionadora e do seu procedemento no ámbito das competencias da súa Concellería, cando sexan de competencia da Alcaldía.
- e) Dictar instrucións e notas informativas.
- f) Celebración de convenios con outras entidades de dereito público e Administracións para o desenvolvemento e execución das competencias propias da súa concellería, cando sexa da súa competencia por razón da cuantía.
- g) A concesión de subvencións, becas, premios e axudas por concesión directa ou nominativa en materias da súa Concellería.
- h) A aceptación e sinatura de declaracións ou documentos solicitados polas Administracións Públicas no ámbito da normativa de concesión de subvencións.
- i) Acordar a conclusión e arquivo dos expedientes ultimados en todos os seus trámites en materias propias da súa competencia.
- j) Garantir o cumprimento de ordenanzas, regulamentos, bandos e demais disposicións no ámbito da súa delegación.
- k) Prestación de conformidade coas facturas, certificacións ou documentos análogos en relación coas obras, servizos ou subministros e as demais prestacións contratadas no ámbito das súas respectivas delegacións.
- l) As competencias como órgano de contratación de conformidade coa disposición adicional segunda do texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público ou norma que a substitúa, no ámbito das dúas respectivas delegacións.
- ll) Dictado de directrices no eido de materia de acceso de información pública municipal e publicidade activa, en materias propias da súa competencia.
- m) Impulsar, coordinar e unificar criterios en materia de información ao cidadán, a través da sede electrónica e oficinas municipais.
- n) Prestar servizo de atención directo ao veciño, recibindo as demandas referidas aos distintos servizos, canalizando e coordinando a súa atención, derivándoas no seu caso, ás concellerías delegadas correspondentes.
- ñ) Impulsar e coordinar as novas tecnoloxías de información na relación co veciño para ofrecer servizos e modernizar e avaliar a calidade dos mesmos dende un punto tecnolóxico.
- o) Planificar o deseño de páxinas web e de posta a disposición do público en xeral de información municipal no ámbito das súas delegacións.
- p) Supervisión e xestión da solicitude, tramitación e xustificación de financiación externa ou subvencións de outras Administracións Públicas no ámbito das súas delegacións.
- q) Promover, desenvolver, impulsar e difundir medidas e actuacións preventivas e integradoras tendente a erradicar a violencia de xénero no eido municipal.
- r) Aprobar o gasto, especificamente, no eido de prestacións económicas a persoas ou núcleos familiares en situación de necesidade social.
- s) Planificación e coordinación de programas que teñan por obxectivo o incremento do benestar das persoas maiores, ampliando a oferta de coidados.
- t) Planificación de programas de apoio ás familias e conciliación de vida laboral e familiar.
- u) Dirixir, impulsar e coordinar actuacións a prol da igualdade.

2.2.- Efectuar a favor do **Segundo Teniente de Alcalde**, Don Cándido Paleo Rejes delegación **especial** de atribucións da vixilancia, inspección e estudo de propostas e medidas a adoptar para o bo funcionamento das áreas adscritas á delegación de Medio Ambiente e Medio Rural : medio ambiente, desenvolvemento sostible, desenvolvemento rural, agricultura, gandería e montes, poñendo en coñecemento da Alcaldía todas as deficiencias e propostas que se observen relativas aos servizos das citadas áreas.

2.3. - Efectuar a favor da concelleira Dona Maria Luisa Goás Lorenzo, delegación **especial** de atribucións da vixilancia, inspección e estudo de propostas e medidas a adoptar para o bo funcionamento das áreas adscritas á delegación de **Educación e Cultura** : centros educativos, coordinar a participación municipal na programación educativa, fomento da formación nos seus distintos eidos, normalización lingüística, Biblioteca pública municipal, fomento da lectura, programar e coordinar actividades culturais e ocio e tempo libre, planificación e programación de artes escénicas, visuais e musicais, fomento do teatro e cultura tradicional, poñendo en

coñecemento da Alcaldía todas as deficiencias e propostas que se observen relativas aos servizos das citadas áreas.

2.4.- Efectuar a favor do Concelleiro César Marrube Novo, delegación **especial** de atribucións de vixilancia, inspección e estudo de propostas e medidas a adoptar para o bo funcionamento das áreas adscritas á delegación de **Xuventude e Deporte, Asociacións e Festas**: promoción e fomento de actividades xuvenis, uso das instalacións deportivas municipais, cooperación no eido do fomento do deporte con outras institucións públicas ou privadas, colaboración e coordinación de festexos populares, relacións coas Asociacións veciñais, poñendo en coñecemento da Alcaldía todas as deficiencias e propostas que se observen relativas aos servizos das citadas áreas.

TERCEIRO.- As atribucións delegadas se deberán exercer nos términos e dentro dos límites de ésta delegación, non sendo susceptibles de ser delegadas polos seus titulares en outro órgano ou concelleiro.

CUARTO.- O presente Decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa sinatura.

QUINTO.- Dar conta da presente aos Concelleiros afectados, con indicación de que, si no prazo de tres días hábiles dende a recepción da notificación pola que se dé traslado da presente non formulan renuncia, se entenderá tácitamente aceptada .

Esta delegación ten carácter indefinido para a presente lexislatura , sen perxucio da potestade de avocación desta Alcaldía.

En caso de ausencia, vacante, enfermidade o calqueira outro impedimento dos Concelleiros delegados, esta Alcaldía asumirá, directa e automaticamente, as competencias delegadas, como titular da competencia orixinaria, entendéndose a estos efectos exercitada a potestade de avocación en base á presente resolución, sen necesidade dunha nova resolución expresa neste sentido.

SEXTO.- Dar conta ao Pleno na primeira sesión que se celebre, e publíquese no BOP de Lugo e na sede electrónica do Concello.

SEPTIMO.- Os procedementos iniciados con anterioridade ao presente Decreto por órganos distintos dos competentes de conformidade co mesmo , continuarán a súa tramitación e serán resoltos polo órgano competente de conformidade co reparto competencial recollido na presente.

Alfoz, a 21 de xuño de 2019.- O Alcalde, Jorge Val Diaz.

R. 1824

BURELA

Anuncio

Aprobado por acordo da Xunta de Goberno Local, na sesión celebrada o día 6 de xuño de 2019, o Padrón por liquidación das taxas do servizo de abastecemento domiciliario de augas, sumidoiros e recollida de lixo, así como o canón de auga da Xunta de Galicia, correspondente ao Segundo Bimestre do exercicio 2019, procédese a apertura do período de información pública por prazo de vinte días hábiles a partir da publicación do presente edicto no B.O.P. durante o cal todos os interesados poderán consultar o seu contido nas oficinas do Concello e presentar as alegacións que estimen oportunas. Queda aberto o prazo de cobro en período voluntario dende o día 25 de xuño de 2019 ata o día 25 de agosto de 2019.

Contra o acto de aprobación do padrón e das liquidacións de tributos municipais incorporadas a este, poderase formular recurso de reposición ante o órgano competente, no prazo de un mes contado dende o día seguinte ao de finalización do período de exposición ao público do padrón de contribuíntes ou ben recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo, sen que poidan interpoñerse ambos simultaneamente.

Transcorrido o período de pago en voluntaria as débedas co municipio serán esixidas polo procedemento de constrinximento co correspondente recargo de mora e costas que se produzan, no seu caso.

A falta de pagamento do Canon de Auga da Xunta no período voluntario sinalado suporá a esixencia do mesmo directamente ao contribuínte pola vía de constrinximento pola Consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia. A repercusión do canon da auga poderá ser obxecto de reclamación económico-administrativa ante o órgano económico-administrativo da Comunidade Autónoma de Galicia no prazo dun mes dende esta notificación.

O presente anuncio ten carácter de notificación colectiva ao abeiro do establecido nos artigos 102 apartado 3 da Lei 58/ 2003, do 17 de decembro, Xeral Tributaria e 23 e 24 do R.D. 939/2005, de 29 de xullo, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Recadación.

Burela, 7 de xuño de 2019.- O ALCALDE, ALFREDO LLANO GARCIA.

R. 1840

CASTRO DE REI

Anuncio

Adoptado polo Pleno da Corporación Municipal na sesión extraordinaria do día 24 de maio de 2019 o acordo da *APROBACIÓN DEFINITIVA DO PLAN ESPECIAL DE DOTACIÓNS EQUIPAMENTO ASISTENCIAL FUDACE EN CASTRO RIBEIRAS DE LEA. CASTRO DE REI*, publíquese o documento que contén a normativa e as ordenanzas, de acordo co disposto no artigo 199 do Decreto 143/2016, de 22 de setembro polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia:

3.- MEMORIA DE ORDENACIÓN

3.1 ORDENACION RESULTANTE

Del total de la superficie delimitada por el Plan especial de 85.880 m², la clasificación resultante es la siguiente:

- Suelo rústico de protección agropecuaria (SR/PAG) para el total del ámbito delimitado por el Plan especial por encontrarse en una zona de concentración parcelaria.
- Parte de la superficie del plan especial, concretamente 41.660 m², se encuentran clasificados como en suelo rústico de protección patrimonial (SR/PP), por encontrarse en la zona de protección del yacimiento GA27010122 situada a 200 m alrededor de dicho yacimiento.
- Otra parte de la superficie del Plan Especial, 1.343 m², se encuentran en suelo rústico de protección de infraestructuras (SR/PIF), correspondientes con la zona exterior a la línea límite de edificación marcada por la ley 8/2013 de carreteras de Galicia, situada a 15 m del borde exterior de la calzada de la carretera autonómica LU-113.

Tal y como establece la ley 2/2016 en su artículo 34, cuando en un terreno, por sus características, pueda corresponder a varias categorías de suelo rústico, se aplicarán los distintos regímenes de forma complementaria.

3.2 RÉGIMEN URBANÍSTICO RESULTANTE

Dado que la clasificación del suelo sigue siendo de suelo rústico los parámetros de aplicación son los establecidos en la ley 2/2016 del suelo de Galicia con las mayores limitaciones y condiciones especiales de utilización que se recogen en las condiciones urbanísticas establecidas en el presente PLAN ESPECIAL.


3.3. CARACTERÍSTICAS DE LA DOTACION

La dotación resultante servirá a un territorio que supera el ámbito local tratándose por lo tanto de un sistema general.

Se trata de una dotación asistencial de uso y titularidad privados.

3.4 CONSERVACION DE LA URBANIZACIÓN

Las obras de urbanización incluidas dentro de la delimitación del plan serán conservadas por FUDACE durante el plazo de 50 años coincidente con la duración del convenio de cesión firmado con la Diputación Provincial de Lugo. Trascurrido este plazo, en caso de que no sea renovado el convenio pasarán a manos de la Diputación Provincial quedando a partir de ese momento la conservación de las obras de urbanización a cargo de la misma.



- EDIFICACIONES EXISTENTES
- EDIFICACIONES NUEVAS 1ª FASE
- - - POSIBLES AMPLIACIONES
- - - LÍMITE MUNICIPAL SEGUN CATASTRO

-  SR/PIF LINEA LIMITE DE EDIFICACIONES
-  SR/PP ZONA DE PROTECCIÓN PATRIMONIAL
-  AREA DE PROTECCIÓN INTEGRAL DE YACIMIENTO GA27010122
-  DELIMITACIÓN DE PLAN ESPECIAL
SUPERFICIE TOTAL PLAN ESPECIAL: 85.880 m2
-  SUELO RÚSTICO DE PROTECCIÓN AGROPECUARIA (SR/PAG)
-  SUELO RÚSTICO DE PROTECCIÓN DE INFRAESTRUCTURAS (SR/PIF)
-  SUELO RÚSTICO DE PROTECCIÓN PATRIMONIAL (SR/PP)

CLASIFICACIÓN DEL SUELO		SUP. (M2)
SUELO RÚSTICO DE PROTECCIÓN AGROPECUARIA	SR/PAG	84.537
SUELO RÚSTICO DE PROTECCIÓN DE INFRAESTRUCTURAS	SR/PIF	1.343
SUELO RÚSTICO DE PROTECCIÓN PATRIMONIAL	SR/PP	41.660

6. CONDICIONES URBANISTICAS

El presente plan especial tiene por objeto regular la implantación de un uso dotacional en construcciones e instalaciones existentes y de nueva creación.

Las nuevas edificaciones deberán estar sujetas a la siguiente regulación:

USOS

El uso principal dentro de la delimitación del plan especial es el dotacional asistencial. Se permiten como complementarios todos aquellos usos al servicio de la dotación y asociados al mismo tales como administrativo, restauración, vivienda vinculada, deportivo.. etc.

OCUPACION DE PARCELA

La ocupación de parcela no superará el 10% de la superficie delimitada en el plan especial, debiendo mantenerse el uso natural de los terrenos o con plantación de arbolado en al menos el 50% de la superficie de parcela. En el cómputo de la ocupación se contabilizarán las edificaciones existentes en estos momentos en la parcela.

EDIFICABILIDAD

La edificabilidad total no superará el parámetro de 0.1 m2 por cada m2 de parcela. En el cómputo de la ocupación se contabilizarán las edificaciones existentes en estos momentos en la parcela.

ALTURA DE LA EDIFICACION

Las edificaciones no superarán la altura de dos plantas y de siete metros al alero de cubierta, excepto para aquellas instalaciones que de manera justificada requieran mayor altura.

Con el fin de favorecer la accesibilidad y minimizar la incidencias sobre el paisaje, se edificará principalmente en planta baja limitándose la edificación en planta alta a un 50% como máximo de la superficie ocupada en planta baja por las nuevas edificaciones que se realicen.

Las edificaciones existentes en estos momentos no superan los parámetros establecidos en este apartado.

La primera fase de construcción proyectada para el edificio de patología dual tendrá una altura de 5.52 m al punto más alto de la edificación o construcción, en correspondencia con el informe de la Agencia de Seguridad Aérea (AESA) para esta edificación en concreto. Cualquier construcción, edificación o plantación nueva deberá de contar con el informe previo de AESA por encontrarse dentro de la zona de afección del Aeródromo de Rozas en la que se establecerá la altura máxima que podrá alcanzar la edificación en función de su situación respecto a la zona de servidumbre aeronáutica, que en todo caso cumplirá la condición impuesta en el apartado primero de este número.

RETRANQUEOS

Las edificaciones guardarán un retranqueo mínimo de 5 m a linderos.

El retranqueo respecto a la carretera autonómica será el que marque la ley de carreteras de Galicia como línea límite de edificación.

APARCAMIENTOS

Se habilitará dentro del ámbito los aparcamientos para uso de la dotación a razón de uno cada 200 m2 de edificación. Estos aparcamientos se construirán a medida que se vayan realizando las distintas fases de edificación.

Se habilitarán plazas de minusválidos cada cuarenta plazas de aparcamiento obligatorias o fracción.

AFECCIONES SECTORIALES

Patrimonio cultural.

En todo el ámbito del plan especial cualquier actuación que requiera un movimientos de tierras requerirá el reconocimiento previo del terreno y la supervisión arqueológica por parte de un arqueólogo titulado durante las obras.

Carreteras

Cualquier actuación a llevar a cabo dentro de la zona de protección de la carretera LU-113, situada a 30 m a partir del borde exterior de la explanación requerirá la autorización del organismo titula de dicha carretera.

INTEGRACION PAISAJISTICA

Con el fin de conseguir una mejor integración paisajística se regulan una serie de condiciones estéticas, tipológicas y constructivas orientadas a que las nuevas edificaciones presenten una composición cuidada y coherente con las instalaciones existentes.

Parámetros para la integración

Las nuevas edificaciones se integran en un entorno rural en el que predominan las construcciones agrícolas y ganaderas pero también las edificaciones dotacionales propias de las edificaciones existentes. Entre las edificaciones de usos agrícola ganadero se encuentran las existentes en el moderno centro de recría, a base de naves prefabricadas de hormigón con cubierta ligera que combinan su imagen industrial con un acabado parametral de madera que hace una concesión a las edificaciones tradicionales representadas por las antiguas palleiras de piedra y madera.

Al otro lado están las edificaciones actuales de Fudace, formadas por una serie de edificaciones exentas que por motivos funcionales han tenido que ser unidas por pasarelas acristaladas. Este tipo de arquitectura fragmentada presenta una unidad compositiva basada en las formas paralelepípedicas, y los colores combinados de fachadas, carpintería y cubiertas.

Las nuevas edificaciones que se construyan utilizarán estos elementos de composición y presentarán de manera justificada como el proyecto responde a la integración de la edificación con las instalaciones existentes en el entorno.

SERVIDUMBRES AERONÁUTICAS

Por encontrarse el Plan Especial en el ámbito de afección del Aeródromo de Rozas afectado por servidumbres aeronáuticas, la ejecución de cualquier construcción, instalación (postes, antenas, aerogeneradores-incluidas las palas-, medios necesarios para la construcción (incluidas las grúas de construcción y similares)) o plantación, requerirá acuerdo favorable previo de la Agencia Estatal de Seguridad Aérea (AESA), conforme a los artículos 30 y 31 del Decreto 584/1972 en su actual redacción.

Castro de Rei, 24 de xuño de 2019.- O Alcalde, Francisco Javier Balado Teijeiro.

R. 1825

FRIOL

Anuncio

En cumprimento do disposto no art. 75 da Lei 7/85 de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, faise público que o Pleno do Concello, na sesión celebrada o 20 de xuño do actual, para dar cumprimento ao establecido no art. 38 do Real Decreto 2568/86 (polo que se aproba o Regulamento de Organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais) adoptou os acordos que a continuación se transcriben:

- ASIGNACIÓN DE DEDICACIÓN A MEMBROS DA CORPORACIÓN.- Ao abeiro do establecido no art. 13 do Real Decreto 2568/86 de 28 de novembro (Reglamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais), os membros das Corporacións Locais terán dereito a percibir, con cargo ao presuposto da entidade local, as retribucións e indemnizacións que correspondan. No art. 75 da Lei 7/85 de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, establece que os membros das corporacións locais percibirán retribucións polo exercicio dos seus cargos cando os desempeñen con dedicación exclusiva. No mesmo artigo refírese a que

os membros das corporacións locais, que desempeñen os seus cargos con dedicación parcial, por realizar función de presidencia, vicepresidencia, ou ostentar delegacións ou desenvolver responsabilidades que así o requiran, percibirán retribucións polo tempo de dedicación efectiva ás mesmas. Nos acordos plenarios de determinación dos cargos que leven aparelada esta dedicación parcial e as retribucións dos mesmo, deberá conterse o réxime da dedicación mínima necesaria.

No Real Decreto lei 24/2018 de 21 de decembro, polo que se aproban as medidas urxentes en materia de retribucións no ámbito do sector público, no art. 18 establécense os límites máximos actuáis, en relación co réxime retributivo dos membros das corporacións locais.

Á vista do anteriormente exposto, propónse ao Pleno, establecer como cargos que levarán aparelada réxime de dedicación os seguintes para a presente lexislatura:

-A Alcaldía-Presidencia, que será desempeñada por don José Angel Santos Sánchez, en réxime de dedicación exclusiva, retribuirase cun importe bruto anual de 42.428 €, distribuído en 12 pagas ordinarias e 2 extraordinarias nos meses de xuño e decembro. Quen ostente o cargo darase de alta no réxime xeral da Seguridade Social, asumindo o concello a cota empresarial que corresponda. O importe da dedicación actualizarase anualmente conforme ás previsións que nas Leis de Presupostos do Estado se determinen para o persoal da administración pública.

-A Delegada da Alcaldía, de Cultura, Turismo e Servizos Sociais, que será desempeñada pola concelleira María de los Ángeles Burgo Buján, en réxime de dedicación parcial, de 30 horas semanais, ás tarefas propias do cargo, que non obstante poderán variar segundo as necesidades do servizo, polo tanto cunha dedicación parcial ao 75%. Retribuirase cun importe bruto anual de 22.200 €, distribuído en 12 pagas ordinarias e 2 extraordinarias nos meses de xuño e decembro. Quen obstante o cargo darase de alta no réxime xeral da Seguridade Social, asumindo o concello a cota empresarial que corresponda.

-Segundo o disposto no art. 18.2 do Real Decreto 24/2018, aplicarase un incremento retributivo adicional vinculado á evolución do PIB, que de acordo para o art. 3.dos se aprobe para o persoal do sector público.

O importe das dedicacións actualizarase anualmente conforme ás previsións que nas Leis de Presupostos do Estado se determinen para o persoal da administración pública.

-Todo elo, de conformidade co réxime de incompatibilidades previsto na lei 53/84 de 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas e demais normativa de aplicación.

ASISTENCIAS E INDEMNIZACIÓNS AOS MEMBROS DA CORPORACIÓN.- Ao abeiro do establecido no art. 75 da Lei 7/85 de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, soamente os membros da corporación que non teñan nin dedicación exclusiva nin parcial, percibirán asistencias pola concurrencia efectiva ás sesións dos órganos colexiados dos que formen parte, na coantía sinalada polo pleno da mesma. Ademais, os membros das corporacións locais, percibirán indemnizacións polos gastos efectivos ocasionados no exercicio do seu cargo, segundo as normas de aplicación xeral nas administracións públicas e as que en desenvolvemento das mesmas, aprobe o Pleno Corporativo. As corporacións locais consignarán nos seus orzamentos as retribucións, indemnizacións e asistencias, debendo publicarse intergramente no Boletín Oficial da Provincia, e fixarse no taboleiro de anuncios da corporación os acordos plenarios ao respecto.

En relación coas indemnizacións dos membros da corporación, propónse ao Pleno a adopción do acordo de cantidades destinadas a asistencias e indemnizacións aos membros da corporación, de conformidade a continuación se transcribe:

- 1.- Por asistencias a sesións plenarios, os concelleiros que non teñan dedicación exclusiva nin parcial, recibirán por asistencia a sesión unha indemnización de 120,00 € por sesión.
- 2.- Por asistencia á Xunta de Goberno Local, a comisións e reunións de órganos colexiados dos que formen parte, os concelleiros que non teñan dedicación exclusiva nin parcial, percibirán unha indemnización de 80,00 € por cada asistencia.
- 3.- Comisión de servizos.- cumprindo en todo caso os criterios establecidos no art. 12 do Real Decreto 462/2002 de 24 de maio, sobre indemnizacións por razón do servizo.
 - Dieta completa: 180,00 €: sería aquela que requirira unha dedicación de xornada completa con pernocta fora do enderezo.
 - Media dieta: 90,00 €: sería aquela que requirira a saída fora da provincia ou unha dedicación de mais de media xornada.
 - Dieta reducida: 45,00 €: viaxes fora do concello, que requiran unha dedicación non superior á media xornada.
- 4.- Kilometraxe: os gastos de locomoción que se produzan como consecuencia de desprazamentos por comisión de servizos ou xestións oficiais dispostos pola corporación, polo seu Presidente ou outros órganos competentes, serán aboados previa a presentación dos correspondentes xustificantes. No caso de utilización para o desprazamento de vehículo propio, farase efectiva a razón de 0,25 €/km percorridos.

Polo Sr. Alcalde faise contar que a efectividade do acordo, será con efectos ao inicio da actual lexislatura, xa que de conformidade co disposto na vixente lexislación, poderá outorgarse eficacia retroactiva aos actos das administracións públicas, cando produzan efectos favorables ao interesado, sempre que os supostos de feitos existiran xa na data á que se retrotraiga a eficacia do acto e ésta non lesione dereitos ou intereses lexítimos doutras persoas.

DOTACIÓNS ECONÓMICAS A GRUPOS POLÍTICOS.- No art. 73 da Lei 7/85 de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, dispónse que o Pleno da Corporación, con cargo aos presupostos anuais da mesma, poderá asignar aos grupos políticos unha dotación económica, que deberá contar cun compoñente fixo e outro variable, en función do número de membros de cada un deles, dentro dos límites que, no seu caso, establezan as Leis de Presupostos Xerais do Estado, sen que poidan destinarse ao pago de remuneracións de persoal de calquera tipo ao servizo da corporación, nin á adquisición de bens que poidan constituír activos fixos de carácter patrimonial

Á vista do disposto no artigo de referencia, propónse ao Pleno a adopción do acordo de MANTER AS CANTIDADES APLICADAS Á DOTACIÓN ECONÓMICA A GRUPOS POLÍTICOS, APLICANDO AS MESMAS QUE SE VEÑEN APLICANDO NAS LEXISLATURAS 2007-2011/ 2011-2015/ e 2015/2019, conforme a continuación se transcriben:

1.- A dotación ós Grupos Políticos, será en función das seguintes coantías:

- Unha cantidade fixa de 60 € mensuais por Grupo.
- Unha cantidade variable, en función do número de concelleiros, de 100 € mensuais por cada concelleiro.

2.- Os pagos aos Grupos faranse con carácter mensual, con efectos desde a constitución dos grupos políticos na actual lexislatura, xa que de conformidade co disposto na vixente lexislación, poderá outorgarse eficacia retroactiva aos actos das administracións públicas, cando produzan efectos favorables ao interesado, sempre que os supostos de feitos existiran xa na data á que se retrotraiga a eficacia do acto e ésta non lesione dereitos ou intereses lexítimos doutras persoas.

3.- O importe da dotación establecida non poderá destinarse ao pago de remuneracións de persoal de calquera tipo ao servizo da Corporación, ou a adquisición de bens que poidan constituír activos fixos de carácter patrimonial, xa que a súa finalidade e a atención aos gastos de funcionamento do grupo municipal e limitativa en canto a determinados usos, prohibidos pola lei.

4.- Os grupos políticos municipais son entidades diferenciadas dos partidos políticos e deberán de dispor de CIF.

5.- Os Grupos deberán levar unha contabilidade específica da dotación establecida, que deberá respectar os principios xerais establecidos na lexislación vixente ao respecto, así como en materia de rendición de contas, que permitan en todo momento coñecer a súa situación financeira e patrimonial e o cumprimento das obrigas previstas na lei. A mesma poñerase a disposición do Pleno do Concello, sempre que éste o solicite, así como á fiscalización do órgano interventor, debendo aportar a correspondente memoria, documentación contable e xustificantes, que permitan verificar que os fondos se aplican ás finalidades previstas na normativa. No caso de non ser xustificadas axeitadamente, deberán ser obxecto de reintegro á favor da entidade local.

5.- As aportacións aos grupos políticos das entidades locais, atopáanse suxeitas ao principio de publicidade activa e ao dereito de acceso á información dos cidadáns, de conformidade co disposto na lexislación vixente, sobre transparencia, acceso a información pública e bo goberno.

---o0o---

Á vista das propostas anteriormente transcritas, da lexislación aplicable e das consideracións ao respecto, sen que polos señores concelleiros se desexen facer intervencións ao respecto, o Pleno do Concello, en votación ordinaria e por unanimidade dos asistentes (dez votos a favor) **ACORDA**

-Prestar aprobación ás propostas da Alcaldía anteriormente transcritas sobre as asignacións de dedicacións a membros da corporación, asistencias e indemnizacións aos membros da corporación e dotacións aos grupos políticos, proclamando seguidamente o Sr. Alcalde os acordos adoptados.

-Todo elo sen prexuízo de que á vista dos acordos adoptados, se proceda ás adaptacións dos créditos presupostarios, procedendo se para elo fose necesario a tramitación das modificacións de crédito oportunas, en relación co orzamento aprobado para o presente exercicio.

O que se fai público, para xeral coñecemento e aos efectos oportunos, á vista do disposto na vixente lexislación.

Friol, 21 xuño de 2019.- O Alcalde, José Ángel Santos Sánchez.

LUGO

*Anuncio***DECRETO NÚMERO 19005522 DO 20/06/2019**

Excma. Sra. Dona LARA MENDEZ LÓPEZ, Alcaldesa-Presidenta do Excmo. Concello de Lugo.

O Secretario Xeral do Pleno o día 17 de xuño de 2019 ditou a Providencia do teor literal seguinte:

“Visto o Decreto da Alcaldía número 190005311 de 13 de xuño de 2019 polo que acordou cesar con efectos do día 15 de xuño de 2019 a dona M^a. Concepción Estevez López con D.N.I. nº: 33.847.150-M no cargo de ASISTENTA SECRETARIA DO GABINETE DA ALCALDÍA que viña desempeñando en rexime de persola eventual, faise preciso que se expida a correspondente certificación de consignación presupostaria, así como a oportuna fiscalización, para proceder novamente o seu nomeamento con carácter provisional do precitado cargo ata que se proceda a adopción do acordo pola Xunta de Goberno Local do Excmo. Concello de Lugo relativo a determinación, número e características do Persoal Eventual da Corporación municipal do Excmo. Concello de Lugo”.

A Técnico Medio de Xestión do Servizo de Persoal emitiu un informe o día 17 de xuño de 2019 relativo o coste estimativo de salarios e de seguridade social para o nomeamento de dona María Concepción Estevez López como persoal eventual, polo período de un mes no posto de Secretaria do Gabinete da Alcaldía.

O Servizo de Tesourería expediu unha certificación o día 18 de xuño de 2019 na que consta a existencia de consignación presupostaria na aplicación 912011.11000 do vixente orzamento municipal.

O Interventor Municipal o día 18 de xuño de 2019 emitiu un informe favorable de fiscalización do referido nomeamento do persoal eventual.

Tendo en conta o anterior e de conformidade co disposto no artigo 12 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, e no uso das atribucións que me confiren os artigos 104.2 e 124.4 ñ) da Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, RESOLVO:

Primeiro.- Nomear como persoal eventual para o posto de Asistente Secretaria do Gabinete da Alcaldía e Grupo de Goberno, a DONA MARÍA CONCEPCIÓN ESTEVEZ LÓPEZ, co D.N.I. nº: 33.847.150-M, ata que se proceda a adopción do acordo pola Xunta de Goberno Local do Excmo. Concello de Lugo relativo a determinación, número e características do Persoal Eventual da Corporación municipal do Excmo. Concello de Lugo, a que realizará as tarefas de confianza e asesoramento especial, coas seguintes funcións:

- a) Servir de apoio organizativo a toda a actividade da Alcaldesa e do grupo de goberno, así como a xestión das relacións públicas.
- b) As demais funcións de confianza e asesoramento especial que se lle asignen, quedándolle vedadas o exercicio de funcións que impliquen a participación directa ou indirecta no exercicio das potestades públicas ou na salvagarda dos intereses xerais do estado e das Administracións Públicas que corresponden exclusivamente os funcionarios públicos; establecéndose como condicións do presente nomeamento as seguintes:
 - A dedicación será exclusiva e no horario de traballo determinado en funcións das necesidades existentes.
 - O cese terá lugar por resolución desta Alcaldía e, en todo caso cando se proceda a adopción do acordo pola Xunta de Goberno Local do Excmo. Concello de Lugo relativo a determinación, número e características do Persoal Eventual da Corporación municipal do Excmo. Concello de Lugo, ou se produza o cese da Señora Alcaldesa Dona Lara Méndez López.
 - Os efectos deste nomeamento serán do día 20 de xuño de 2019.
 - En ningún caso o desempeño deste posto constituirá mérito para o acceso á función pública ou promoción interna.

Segundo.- Notifíquese a presente resolución á interesada e dependencias municipais afectadas, e publíquese no Boletín Oficial da Provincia.

Cúmprase.

R. 1827

*Anuncio***DECRETO NÚMERO 19005525 DO 20/06/2019**

Excma. Sra. Dona LARA MENDEZ LÓPEZ, Alcaldesa-Presidenta do Excmo. Concello de Lugo.

O Secretario Xeral do Pleno o día 17 de xuño de 2019 ditou a Providencia do teor literal seguinte:

“Visto o Decreto da Alcaldía número 19005298 de 13 de xuño de 2019 polo que acordou cesar con efectos do día 15 de xuño de 2.019 a doana M^a. SHIRLEY RODRIGUEZ CARBALLO con D.N.I. nº: 33.342.591-C no cargo de ASISTENTA SECRETARIA DO GABINETE DA ALCALDÍA que viña desempeñando en rexime de persola eventual, faise preciso que se expida a correspondente certificación de consignación presupostaria, así como a fiscalización oportuna, para proceder novamente o seu nomeamento con carácter provisional do precitado cargo ata que se proceda a adopción do acordo pola Xunta de Goberno Local do Excmo. Concello de Lugo relativo a determinación, número e características do Persoal Eventual da Corporación municipal do Excmo. Concello de Lugo”.

A Técnico Medio de Xestión do Servizo de Persoal emitiu un informe o día 17 de xuño de 2019 relativo o coste estimativo de salarios e de seguridade social para o nomeamento de dona María Shirley Rodríguez Carballo como persoal eventual, polo período de un mes no posto de Asistenta Secretaria do Gabinete da Alcaldía.

O Servizo de Tesourería expediu unha certificación o día 18 de xuño de 2019 na que consta a existencia de consignación presupostaria na aplicación 912011.11000 do vixente orzamento municipal.

O Interventor Municipal o día 18 de xuño de 2.019 emitiu un informe favorable de fiscalización do referido nomeamento do persoal eventual.

Tendo en conta o anterior e de conformidade co disposto no artigo 12 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, e no uso das atribucións que me confiren os artigos 104.2 e 124.4 ñ) da Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, RESOLVO:

Primeiro.- Nomear como persoal eventual para o posto de Asistenta Secretaria do Gabinete da Alcaldía e Grupo de Goberno, a dona Shirley Rodríguez Carballo, co D.N.I. nº: 33.342.591-C, ata que se proceda a adopción do acordo pola Xunta de Goberno Local do Excmo. Concello de Lugo relativo a determinación, número e características do Persoal Eventual da Corporación municipal do Excmo. Concello de Lugo, a que realizará as tarefas de confianza e asesoramento especial, coas seguintes funcións:

- a) Servir de apoio organizativo a toda a actividade da Alcaldesa e do grupo de goberno, así como a xestión das relacións públicas.
- b) As demais funcións de confianza e asesoramento especial que se lle asignen, quedándolle vedadas o exercicio de funcións que impliquen a participación directa ou indirecta no exercicio das potestades públicas ou na salvagarda dos intereses xerais do estado e das Administracións Públicas que corresponden exclusivamente os funcionarios públicos; establecéndose como condicións do presente nomeamento as seguintes:
 - A dedicación será exclusiva e no horario de traballo determinado en funcións das necesidades existentes.
 - O cese terá lugar por resolución desta Alcaldía e, en todo caso cando se proceda a adopción do acordo pola Xunta de Goberno Local do Excmo. Concello de Lugo relativo a determinación, número e características do Persoal Eventual da Corporación municipal do Excmo. Concello de Lugo, ou se produza o cese da Señora Alcaldesa Dona Lara Méndez López.
 - Os efectos deste nomeamento serán do día 20 de xuño de 2019.
 - En ningún caso o desempeño deste posto constituirá mérito para o acceso á función pública ou promoción interna.

Segundo.- Notifíquese a presente resolución á interesada e dependencias municipais afectadas, e publíquese no Boletín Oficial da Provincia.

Cúmprase.

R. 1828

Anuncio

Por acordo número 16/362 adoptado pola Xunta de Goberno Local na sesión celebrada o día 5 de xuño de 2019, aceptouse a renuncia de don Emilio Manuel Martínez Rivas como titular da Dirección Xeral de Recursos Humanos do Concello de Lugo, para o que fora nomeado polo acordo número 7/230 do mesmo órgano colexiado en sesión celebrada o 2 de maio de 2018, o que se fai público para xeral coñecemento coa publicación íntegra da referida resolución, de conformidade co previsto nos artigos 57 e 58 do Regulamento orgánico municipal do goberno e administración do Concello de Lugo, e cuxo contido literal figura no Anexo que se acompaña.

Lémbrese que esta publicación está incluída nos supostos de normas exentas de pago de taxas, a teor do disposto no artigo 11.2.a) da Lei 5/2002, de 4 de abril, reguladora dos Boletíns Oficiais das Provincias.

Lugo, 12 de xuño de 2019.- A ALCALDESA en funcións, Lara Méndez López.

ANEXO

“MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ, CONCELEIRO SECRETARIO EN FUNCIÓNS DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO,

CERTIFICO:

Que a Xunta de Goberno Local, na sesión ORDINARIA celebrada o día cinco de xuño de dous mil dezanove, adoptou, entre outros, o seguinte acordo:

16/362 ACEPTACIÓN DA RENUNCIA DE DON EMILIO MANUEL MARTÍNEZ RIVAS AO POSTO DE DIRECTOR XERAL DE RECURSOS HUMANOS.- Examinado o expediente tramitado para os efectos e vista a proposta da Alcaldía, do 29 de maio de 2019, na parte expositiva do cal se fai constar:

“O 27 de abril de 2018, esta Alcaldía elevou unha proposta á Xunta de Goberno Local para nomear Director Xeral de Recursos Humanos a DON EMILIO MANUEL MARTÍNEZ RIVAS, atribuíndolle as competencias en materia de persoal e coas funcións establecidas no artigo 56 do ROMGA, concretadas nos acordos plenarios 7/122 do Pleno do 30 de xuño de 2016, e 9/163 e 10/164, do Pleno do 29 de setembro de 2016, respectando as propias do persoal adscrito ao Servizo de Persoal.

Á vista da referida proposta, a Xunta de Goberno Local, celebrada o día 2 de maio de 2018, adoptou o acordo número 7/230, polo que se procedeu ao dito nomeamento.

O día 27 de maio de 2019, don Emilio Manuel Martínez Rivas presentou no Rexistro Xeral de Entrada do Concello a súa renuncia ao posto de Director Xeral de Recursos Humanos, con efectos do día 14 de xuño de 2019.

Esta Alcaldía, de conformidade co disposto na Lei de bases de réxime local e a teor do establecido no artigo 127.1.i) da citada lei e no 57 do Regulamento orgánico municipal do goberno e administración do Concello de Lugo.”

A Xunta de Goberno Local, no uso das súas atribucións, con base na referida proposta e por unanimidade dos seguintes asistentes: Excm. Sra. D.^a LARA MÉNDEZ LÓPEZ, Alcaldesa Presidenta do Concello de Lugo (Grupo Municipal Socialista -GMS-); Ilmo. Sr. D. MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ, Tenente de Alcalde Delegado da Área de Goberno de Medio Rural e Deportes (GMS); Ilma. Sra. D.^a MARÍA DEL CARMEN BASADRE VÁZQUEZ, Tenenta de Alcalde Delegada da Área de Goberno de Cultura, Turismo, Xuventude e Promoción da Lingua (GMS); Ilma. Sra. D.^a ANA MARÍA GONZÁLEZ ABELLEIRA, Tenenta de Alcalde Delegada da Área de Goberno de Benestar Social, Igualdade e Inclusión (GMS); Ilmo. Sr. D. XOSÉ DANIEL PIÑEIRO VILLARES, Tenente de Alcalde Delegado da Área de Goberno de Desenvolvemento Sostible e Persoal (GMS); Ilma. Sra. D.^a ROSANA RIELO ROZAS, Tenenta de Alcalde Delegada da Área de Goberno de Concello e Cidadanía e o Ilmo. Sr. D. MANUEL NÚÑEZ LÓPEZ, Tenente de Alcalde Delegado da Área de Goberno de Educación e Infraestruturas Urbanas, **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Aceptar -con efectos do 14 de xuño de 2019- a renuncia de DON EMILIO MANUEL MARTÍNEZ RIVAS como titular da Dirección Xeral de Recursos Humanos do Concello de Lugo, para o que fora nomeado polo acordo número 7/230, adoptado pola Xunta de Goberno Local, na sesión celebrada o día 2 de maio de 2018.

SEGUNDO.- Darlles traslado do acordo que se adopte ao interesado, aos Servizos de Persoal e Intervención, e proceder á súa publicación no Boletín Oficial da Provincia.

E para que así conste no expediente, coa expresa advertencia prevista no artigo 206 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais de que a acta da sesión na que foi adoptado o acordo transcrito aínda non foi aprobada, e a reserva dos termos que resulten da aprobación desta, expídese esta certificación de orde da Excm. Sra. Alcaldesa en funcións, dona Lara Méndez López, coa súa sinatura e a do Secretario da Xunta de Goberno Local en funcións, don Miguel Fernández Méndez.”

R. 1829

MONFORTE DE LEMOS

Anuncio

No Boletín Oficial da Provincia nº 020 do 25 de xaneiro de 2018, foron publicadas as “BASES E CONVOCATORIA PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCIÓNS PARA A REHABILITACIÓN DE EDIFICIOS E VIVENDAS NA ÁREA DE REHABILITACIÓN INTEGRAL NO MARCO DO ACORDO DA COMISIÓN BILATERAL CELEBRADA O 26 DE OUTUBRO DE 2017, RELATIVA Á ÁREA DE REHABILITACIÓN DO CONXUNTO HISTÓRICO E ZONAS DE RESPECTO DE MONFORTE DE LEMOS (LUGO) 10ª FASE, NA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA. PRÓRROGA DO PLAN ESTATAL 2013 – 2016.” (Aprobadas pola Xunta de Goberno Local o 15 de xaneiro de 2018).

Tralas subvencións concedidas en dito marco, queda un remanente de crédito para esta finalidade. É por iso que en base ás mesmas condicións e requisitos do que figura no BOP de Lugo do 25/01/2018, se abre un novo prazo de solicitudes por termo de tres días hábiles dende o día seguinte ao da publicación deste anuncio no BOP.

Monforte de Lemos, 25 de xuño de 2019.- O Alcalde, José Tomé Roca.

R. 1841

Anuncio

NOMEAMENTOS, DELEGACIÓNS E RETRIBUCIÓNS CORPORATIVAS

De acordo co previsto nos art. 44, 46 e 51 do ROF, e nos artigos 75.5 e 104.3 da Lei 7/1985, fanse públicos os seguintes acordos municipais:

A) *Nomeamentos corporativos e delegacións especiais. Decreto da Alcaldía do 17 DE XUÑO DO 2019.*

- Concelleiros/as membros da **Xunta de Goberno Local**, que conformarán dito Órgano xunto co Sr.Alcalde que o preside:

Dna. Gloria Mª Prada Rodríguez.

D. Iban Torres Rodríguez.

Dna. Mª Pilar Espinosa Novelle.

D. José Luis Losada Fernández.

Dna. Marina María Douton Rajo.

- **Tenentes de Alcalde**, que substituirán regulamentariamente ao Sr.Alcalde pola orde en que son designados:

1ª Tenente de Alcalde e coordinadora do equipo de Goberno: Dna. Gloria Mª Prada Rodríguez.

2º Tenente de Alcalde: D. Iban Torres Rodríguez.

- **Delegacións** especiais dos **servizos** que se indican. Fanse constar os servizos que non son obxecto de delegación por ser xestión da propia Alcaldía.

- Alcalde, D.José Tomé Roca: URBANISMO. INFRAESTRUTURAS. PROMOCIÓN ECONÓMICA, COMERCIO E TURISMO.

- 1ª Tte. Alcalde, Dna.Gloria Mª Prada Rodríguez: FACENDA. RÉXIME INTERIOR. SERVIZOS SOCIAIS E DISCAPACIDADE.

- Concelleira Dna. Mª Pilar Espinosa Novelle: SANIDADE E DROGODEPENDENCIAS, TRÁFICO E MOBILIDADE

- Concelleiro D. José Luis Losada Fernández: OBRAS, MEDIO RURAL, SERVIZOS (ABASTECIMENTO DE AUGA, SANEAMENTO, RECOLLIDA DE LIXO, LIMPEZA VIARIA, CEMITERIO E ILUMINACIÓN PÚBLICA)

- Concelleira Dna. Marina María Douton Rajo: CULTURA. ENSINO. XUVENTUDE.

- Concelleiro, D. José Manuel Mougán Sobredo: DEPORTES

- Concelleira Dª Regina López Arias: CONSUMO

- Concelleiro, D. Guillermo Díaz Aira: TECNOLOXÍA E INNOVACIÓN

- Concelleira, Dª Margarita López Rodríguez: MULLER E IGUALDADE

- Concelleiro, D. Miguel Tomé López: MEDIO AMBIENTE

B) *Delegación de atribucións da Alcaldía na Xunta de Goberno Local. Decreto da Alcaldía do 17 DE XUÑO DO 2019.*

- A resolución dos expedientes urbanísticos de obras – maiores e menores-,de edificación, de uso do solo e do subsolo, de segregación ou parcelación e de primeira ocupación. O outorgamento das licenzas que neles correspondan.

- A resolución dos expedientes de disciplina urbanística, sancionadores e de reposición da legalidade urbanística. As declaracións de ruína e as ordes de execución.

- A aprobación dos instrumentos de planeamento de desenvolvemento do plan xeral non atribuída expresamente ao Pleno, así como a dos instrumentos de xestión urbanística e dos proxectos de urbanización.

- A resolución dos expedientes de actividades e de apertura de establecementos.

- As autorizacións en dominio público e de utilización de instalacións ou bens municipais, agás as urxentes cuxa resolución non se poida demorar ata a sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local. As licenzas: de vaos, entradas por beirarrúas e reservas de vía pública; de taxis e vehículos de aluguer; de animais perigosos.

- As competencias como órgano de contratación respecto dos contratos de obras, de subministración, de servizos, de xestión de servizos públicos, dos contratos administrativos especiais e dos contratos privados,

cando o seu importe non supere o 10 por 100 dos recursos ordinarios do orzamento nin, en calquera caso, a contía de seis millóns de euros, incluídos os de carácter plurianual cando a súa duración non sexa superior a catro anos sempre que o importe acumulado de todas as súas anualidades non supere nin a porcentaxe indicada, referida aos recursos ordinarios do orzamento do primeiro exercicio, nin a contía sinalada.

- A adxudicación de concesións sobre os bens municipais e a adquisición de bens inmoebles e dereitos suxeitos á lexislación patrimonial cando o seu valor non supere o 10 por 100 dos recursos ordinarios do orzamento nin o importe de tres millóns de euros, así como o alleamento do patrimonio, cando o seu valor non supere a porcentaxe nin a contía indicados.
- A aprobación de proxectos de obras e servizos no marco das competencias para contratación e concesión que quedan indicadas, que estean previstos no orzamento.
- A resolución dos expedientes de responsabilidade patrimonial que se interpoñan contra ou Concello.
- A resolución de expedientes sancionadores.
- Os convenios con outras Administracións Públicas, que non correspondan ao Pleno.
- A aprobación de liquidacións tributarias, de prezos públicos e de calquera ingreso do Concello, tanto individuais como colectivas (padróns), modificacións e aprobación padróns.
- A resolución de expedientes de devolución de ingresos indebidos por anulación de liquidacións.
- A resolución de expedientes de bonificacións e exencións tributarias, que non correspondan ao Pleno.
- A aprobación de gastos e facturas e de propostas de gasto.
- A autorización, e a aprobación da xustificación, de pagos a xustificar e de anticipos de caixa fixa.
- A devolución de garantías constituídas en metálico e a cancelación de avais, seguros de crédito e caución e similares.
- A aprobación da oferta de emprego público de acordo co orzamento e o cadro de persoal aprobados polo Pleno, a aprobación das bases das probas para a selección do persoal e para os concursos de provisión de postos de traballo e a distribución das retribucións complementarias que non sexan fixas e periódicas.
- A aprobación das Bases para a concesión de subvencións, e a resolución sobre a concesión da subvención.

A delegación efectuada ten efectos dende o 24 de xuño do 2019, inclusive, data prevista para a sesión constitutiva da Xunta de Goberno Local, sen prexuízo das preceptivas publicación no Boletín Oficial da Provincia e dación de conta ao Pleno.

C) Dedicacións de membros da Corporación e asignacións económicas corporativas. Acordo do Pleno do 20 de xuño de 2019 e Decreto da Alcaldía do 22 de xuño do 2019. .

- Exercicio do cargo en dedicación exclusiva, mantendo a retribución que figura no expediente do orzamento de 2015, para o Alcalde e para un membro do goberno municipal. Esta segunda dedicación pode ser dividida en dúas dedicacións parciais.

Dedicacións resultantes:

- Dedicación exclusiva con efectos do 15.06.2019.- Sr. Alcalde D. José Tomé Roca, 44.509,70 € anuais en 14 pagas.
- Dedicacións parciais con efectos do 21.06.2019.
- 1ª Tenente de Alcalde Dña. Gloria Mª Prada Rodríguez, 17.861,04 € anuais en 14 pagas.
- Concelleiro Delegado de Servizos D. José Luis Losada Fernández, 17.861,04 € anuais en 14 pagas.
- Percepción por asistencias a Órganos colexiados, que lles corresponde aos membros da Corporación sen dedicación exclusiva ou parcial, 50,00 € por sesión do Pleno, da Xunta de Goberno Local, das Comisións Informativas e por reunión da Xunta de Portavoces.
- Indemnizacións polos gastos ocasionados no exercicio do cargo (dietas e locomoción), segundo as normas que se aplican aos funcionarios públicos, con asimilación ao grupo 1 do Real Decreto 462/2002.
- Asignación aos Grupos políticos municipais da seguinte dotación económica:

Compoñente fixo: 300,00 € por mes. Idéntico para tódolos Grupos.

Compoñente variable: 100,00 € por membro do Grupo e mes.

D) Nomeamento de persoal eventual. Acordo do Pleno do 20 de xuño do 2019 e Decreto Alcaldía de do 21 de xuño do 2019. .

- Encargado do GABINETE DA ALCALDÍA: D. Sergio Aller Estévez.

- Retribución: A que figura no expediente do orzamento de 2018 prorrogado para o 2019, 26.544,48 € anuais en 14 pagas.

Monforte de Lemos, 25 de xiuño de 2019.- O Alcalde, José Tomé Roca.

R. 1842

MURAS

Anuncio

DON MANUEL REQUEIJO ARNEJO, ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE MURAS (LUGO)

Visto o informe da Traballadora Social do Concello , no que detalla a relación de persoas usuarias do servizo, prezo hora/porcentaxe prezo hora e o número de horas que foron atendidas no mes de Maio de 2019.

Elaborados os padróns mensuais que conteñen as liquidacións da taxa pola prestación do servizo do SAF básica e SAF dependencia no mes de Maio de 2019, en base aos datos facilitados pola Traballadora Social do concello.

Tendo en conta o establecido no artigo 21.1. f) da Lei 7/1985, Reguladora das Bases de Réxime Local, que atribúe a esta Alcaldía o desenvolvemento da xestión económica de acordo co orzamento aprobado.

RESOLVO:

PRIMEIRO- Aprobar o padrón mensual da taxa pola prestación do servizo de axuda no fogar correspondente ao mes de Maio de 2019. O padrón correspondente ao mes de Maio consta de 55 contribuíntes (16 de libre concorrencia e 39 de dependencia) e un importe total de 5.764,12 € (2.013,47 € persoas usuarias de libre concorrencia e 3.750,65 € persoas usuarias de dependencia).

SEGUNDO- Expoñer ao público os padróns aprobados, mediante a publicación de edicto no BOP e no taboleiro de anuncios do concello, por un período de 15 días dende a publicación. Esta exposición servirá como notificación colectiva a todos os contribuíntes nos termos do artigo 102.3 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.

TERCEIRO- O prazo de cobro en período voluntario será de 2 meses dende a publicación do edicto de aprobación, transcorrido o mesmo procederase a exixir os xuros de mora e os recargos dacordo cos artigos 26 a 28 da Lei 58/2003.

CUARTO- Contra as liquidacións incorporadas aos padróns, os interesados poderán interpor recurso preceptivo de reposición ante o Sr. Alcalde, como establece o artigo 108 da Lei 7/1985 reguladora das bases do réxime local e regulado no artigo 14.2 do R.D. lexislativo 2/2004 polo que se aproba o texto refundido da lei de facendas locais, no prazo dun mes dende o día seguinte á publicación do edicto no B.O.P. Contra a desestimación do recurso poderase interpor recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo competente, no prazo de 2 meses dende o día seguinte á notificación da resolución.

QUINTO- Dar conta ao Pleno da corporación na seguinte sesión que se celebre en cumprimento do establecido no artigo 42 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

Muras, 14/06/2019.-O Alcalde Don Manuel Requeijo Arnejo , do que eu, D^a Silvia Lamelas Soto, como Secretaria, dou fe. (Asinado aos efectos do artigo 3 do RD 128/2018 do 16 de Marzo).

R. 1830

Anuncio

DON MANUEL REQUEIJO ARNEJO, ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE MURAS (LUGO)

Visto o informe da Traballadora Social do Concello , no que detalla a relación de persoas usuarias do servizo de Atención á Infancia do Concello de Muras, e os correspondentes prezos mensuais que deberán aboar segundo a xornada solicitada e o servizo de administración de comidas no mes de Maio de 2019.

Considerando o disposto no Regulamento de organización e funcionamento do Punto de Atención á Infancia do Concello de Muras e a súa Ordenanza reguladora do prezo público (BOP 10/04/2018).

Elaborado o padrón mensual que contén as liquidacións da taxa pola prestación do Servizo de Atención á Infancia do Concello de Muras no mes de Maio de 2019, en base aos datos facilitados pola Traballadora Social do concello.

Tendo en conta o establecido no artigo 21.1. f) da Lei 7/1985, Reguladora das Bases de Réxime Local, que atribúe a esta Alcaldía o desenvolvemento da xestión económica de acordo co orzamento aprobado.

RESOLVO:

PRIMEIRO- Aprobar o padrón mensual da taxa pola prestación do Servizo de Atención á Infancia do Concello de Muras correspondente ao mes de Maio de 2019. O padrón correspondente ao mes de Abril consta de 6 contribuíntes e un importe total de 372,17 € .

SEGUNDO- Expoñer ao público os padróns aprobados, mediante a publicación de edicto no BOP e no taboleiro de anuncios do concello, por un período de 15 días dende a publicación. Esta exposición servirá como notificación colectiva a todos os contribuíntes nos termos do artigo 102.3 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.

TERCEIRO- O prazo de cobro en período voluntario será de 2 meses dende a publicación do edicto de aprobación, transcorrido o mesmo procederase a exixir os xuros de mora e os recargos dacordo cos artigos 26 a 28 da Lei 58/2003.

CUARTO- Contra as liquidacións incorporadas aos padróns, os interesados poderán interpor recurso preceptivo de reposición ante o Sr. Alcalde, como establece o artigo 108 da Lei 7/1985 reguladora das bases do réxime local e regulado no artigo 14.2 do R.D. lexislativo 2/2004 polo que se aproba o texto refundido da lei de facendas locais, no prazo dun mes dende o día seguinte á publicación do edicto no B.O.P. Contra a desestimación do recurso poderase interpor recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo competente, no prazo de 2 meses dende o día seguinte á notificación da resolución.

QUINTO- Déase conta do presente Decreto aos servizos de Tesourería Municipal e Intervención Municipal.

SEXTO-Dar conta ao Pleno da corporación na seguinte sesión que se celebre en cumprimento do establecido no artigo 42 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

Muras, 12 de xuño de 2019.- O Alcalde Don Manuel Requeijo Arnejo , do que eu, D^a Silvia Lamelas Soto, como Secretaria, dou fe. (Asinado aos efectos do artigo 3 do RD 128/2018 do 16 de Marzo)

R. 1831

OUTEIRO DE REI*Anuncio*

D. José Pardo Lombao, Alcalde-Presidente do Concello de Outeiro de Rei, no exercicio das competencias que me atribúe o artigo 23 da Lei 7/1985, de 2 de abril, e de conformidade co disposto no artigo 44.2 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, fago saber:

Que na sesión celebrada o día 20 de xuño de 2019, o Pleno da corporación municipal de Outeiro de Rei acordou que as sesións ordinarias do mesmo teñan lugar os derradeiros xoves de cada mes par, ás trece horas. No caso de que resultase festivo, que a sesión teña lugar o día hábil inmediato anterior. Asemade, a sesión correspondente ao mes de agosto se celebrará no mes de setembro.

En relación á Xunta de Goberno, a Alcaldía propón que as súas sesións ordinarias sexan celebradas tódolos xoves ás trece horas. Se algún deles resultase festivo, que a sesión teña lugar o día hábil inmediato anterior.

Por último, acordouse establecer o seguinte réxime de adicacións, dietas e indemnizacións:

Primeiro.- Establecer unha indemnización por asistencia a órganos colexiados de 120 euros/sesión.

Segundo.- Fixar as dietas oficiais da seguinte forma:

-Dieta completa (pernoctando fora do domicilio): 150,00 euros.

-Media dieta (xestións fora do municipio): 100,00 euros, salvo para os concelleiros que ostenten dedicación parcial ou exclusiva, que será de 50 euros.

-Kilometraxe oficial: 0,30 euros / Km.

Terceiro.-

a) Asignar dedicación parcial ao 98% de xornada á Alcaldía-Presidencia, recoñecendo tal adicación dende o día 15 de xuño.

b) Fixar a contía da dedicación acordada na cantidade de 43.800 euros anuais, que se distribuirán en 14 pagas anuais.

Cuarto.- Establecer unha adicación parcial con unha adicación de 90% da xornada ao cargo de concelleiro e cunha retribución bruta anual de 27.000 euros distribuídos en 14 pagas, que será asignada polo Alcalde da Corporación, dando conta ao Pleno na sesión ordinaria seguinte ao da asignación.

Quinto.- Determinar a creación de un posto de persoal eventual (art. 104. LBRL), cunha retribución bruta anual de 27.000 euros distribuídos en 14 pagas.

Outeiro de Rei, 21 de xuño de 2019.- O Alcalde, José Pardo Lombao.

R. 1832

Anuncio

DELEGACIÓN DE COMPETENCIAS DO PLENO DA CORPORACIÓN

Na sesión extraordinaria celebrada o pasado día 20 de xuño de 2019, o Pleno da Coporación acordou delegar na Xunta de Goberno Local as seguintes competencias plenarias:

- A concertación das operacións de crédito e tesourería.
- As contratacións e concesións de toda clase de competencia plenaria.
- A aprobación dos proxectos de obras e servicios cuando sexa competente para a súa contratación ou concesión.
- As enaxenacións patrimoniais cuando o seu valor supere o 10 % dos recursos ordinarios do orzamento e as las permutas de bens inmoables.
- A aprobación e modificación de prezos públicos.
- O exercizo das competencias plenarias en materia de expropiación forzosa.
- O exercicio de accións xudiciais e administrativas e a defensa da corporación en materias de competencia plenaria.
- O recoñecemento extraxudicial de créditos.
- A declaración de lesividade dos actos do Concello.

Outeiro de Rei, 21 de xuño de 2019.- O Alcalde, José Pardo Lombao.

R. 1833

RIOTORTO

Anuncio

Réxime de retribucións e indemnizacións dos membros da Corporación

O Pleno deste Concello en sesión extraordinaria celebrada o día 15/06/2019 aprobou o réxime de retribucións e indemnizacións dos membros da corporación local que é o seguinte:

“1.-Recoñecer ao Alcalde, Clemente Iglesias González, unha dedicación exclusiva para facer as súas funcións, pagándosele a cantidade de 2.870,00 euros brutos mensuais, máis pagas extraordinarias de igual contía en Xuño e Decembro, máis os trienios correspondentes, e comunicando a alta á seguridade Social. Esta retribución será con efectos o 15/06/2019.

2.-Recoñecer a tódolos membros da Corporación Municipal, excepto os que teñan unha dedicación exclusiva e parcial, unha indemnización de 50,00 euros por cada asistencia a Plenos e Comisións.

3.-Recoñecer ós membros da Corporación Municipal as indemnizacións que a continuación se detallan, por Comisión de Servizos, polo exercicio das súas funcións de goberno e administración cando teñan que realizar tarefas fora do termo municipal ante Administracións ou outros Organismos públicos ou privados: Dieta enteira: 150,00 euros máximo. Media dieta: 75,00 euros máximo. A media dieta cubrirá os gastos dunha comida e a enteira dúas comidas e aloxamento. Estes gastos xustificaranse con facturas a nome do Concello.

4.-Recoñecer que os gastos de viaxe que xeneren os membros da Corporación no exercicio das súas funcións de goberno e administración, así como pola asistencia a sesión do Pleno ou Comisións se paguen a 0,19 euros/km cando sexa en vehículo propio. Cando sexa noutro vehículo, en base a factura.

5-As dietas e gastos previstos nos apartados 3 e 4 serán aprobados pola Xunta de previa xustificación do traballo feito ou, no seu defecto, declaración xurada.

6.- Tódalas cantidades sinaladas en concepto de soldos serán actualizadas o día 1 de Xaneiro de cada ano de acordo ca subida prevista na Lei de Presupostos do Estado para funcionarios públicos.

7.- Os gastos por asistencias a sesións de pleno e desprazamentos terán efectos dende o 15/06/2019.”

Riotorto, 24 de xuño de 2019.- O Alcalde, Clemente Iglesias González.

R. 1834

ADMINISTRACIÓN DE XUSTIZA

XULGADO DO SOCIAL N.º 1 LUGO

Anuncio

D. RAFAEL GONZALEZ ALIO, Letrado de la Administración de Justicia del Juzgado de lo Social nº 001 de LUGO, **HAGO SABER:**

Que en el procedimiento EJECUCION DE TITULOS JUDICIALES 071 /2019 de este Juzgado de lo Social, seguido a instancia de D^a BOUCHRA BETTACHNI contra MARIA BELEN CABANA BODENLLE sobre DESPIDO, se ha dictado la siguiente resolución:

Habiendo presentado la trabajadora BOUCHRA BETTACHNI exigiendo el cumplimiento por el empresario MARIA BELEN CABANA BODENLLE de la obligación de readmisión, y habiéndose despachado auto de ejecución, de conformidad al art.280 de la LJS, **acuerdo:**

Citar de comparecencia a las partes y al Fondo de Garantía Salarial con las advertencias legales y haciéndoles saber que deben asistir con los medios de prueba de que intenten valerse, y fijo el próximo día **10/7/2019** a las **09:40** para la celebración de la comparecencia

De no asistir la trabajadora o persona que le represente se le tendrá por desistida en su solicitud; si no lo hiciese el empresario o su representante se celebrará el acto sin su presencia. Asimismo, acuerdo la citación de la demandada por medio de edictos en el BO Provincia de Lugo.

Se acuerda la práctica de las siguientes pruebas:

1.- **Interrogatorio judicial:** Cítese a Belén Cabana Bondelle para que el día 10-7-2019 a las 9:40 horas comparezca ante este Juzgado, al objeto de practicar interrogatorio de partes, previniéndoles que, caso de no comparecer se podrán tener por reconocidos los hechos cuya fijación como ciertos le sean enteramente perjudiciales.

La incomparecencia del litigante, sin mediar previa excusa, a la práctica de la prueba de interrogatorio de parte determinará la imposición al mismo de una multa de 180 a 600 euros, de conformidad con lo previsto en el Art. 292-1^a L.E.C..

2.- Se acuerda la práctica de la prueba **documental** consistente que se requiere a Belén Cabana Bondelle para que aporte al acto de la comparecencia comunicación dirigida a la trabajadora sobre la readmisión u opción efectuada.

Y para que sirva de NOTIFICACIÓN EN LEGAL FORMA a BELEN CABANA BONDELLE, en ignorado paradero, expido el presente para su inserción en el Boletín Oficial de Provincia de Lugo.

Se advierte al destinatario que las siguientes comunicaciones se harán fijando copia de la resolución o de la cédula en el tablón de anuncios de la Oficina judicial, salvo el supuesto de la comunicación de las resoluciones que deban revestir forma de auto o sentencia, o cuando se trate de emplazamiento.

LUGO, a veinticinco de junio de dos mil diecinueve.- **EL/LA LETRADO DE LA ADMINISTRACIÓN DE JUSTICIA.**

R. 1843

XULGADO DO SOCIAL N.º 2 LUGO

Anuncio

D. SINESIO NOVO FERNANDEZ, Letrado de la Administración de Justicia del Juzgado de lo Social nº 002 de LUGO, **HAGO SABER:**

Que en el procedimiento EJECUCION DE TITULOS JUDICIALES 143/2018 de este Juzgado de lo Social, seguido a instancia de D. ADRIAN RECALDE LOPEZ contra PIZARRAS VEIRA DO RIO SL sobre DESPIDO, se ha dictado decreto de fecha 18/06/2019 cuya parte dispositiva dice literalmente:

“ACUERDO:

- 1.- Decretar la suspensión de la presente ejecución en el estado en el que se encuentra.
- 2.- Archivar provisionalmente los autos pudiendo las partes solicitar su continuación, una vez se dicte resolución que ponga fin al procedimiento concursal seguido contra el ejecutado.
- 3.- Comunicar el presente acuerdo al Juzgado Mercantil del Concurso.

Notifíquese a las partes, haciéndoles saber que en aplicación del mandato contenido en el artículo 53.2 de la LJS, en el primer escrito o comparecencia ante el órgano judicial, las partes o interesados, y en su caso los profesionales designados, señalarán un domicilio y datos completos para la práctica de actos de comunicación. El domicilio y los datos de localización facilitados con tal fin, **surtirán plenos efectos y las notificaciones en**

ellos intentadas sin efecto serán válidas hasta tanto no sean facilitados otros datos alternativos, siendo **carga procesal de las partes** y de sus representantes **mantenerlos actualizados**. Asimismo deberán comunicar los cambios relativos a su número de teléfono, fax, dirección electrónica o similares, siempre que estos últimos estén siendo utilizados como instrumentos de comunicación con el Tribunal.

MODO DE IMPUGNACIÓN: Podrá interponerse recurso directo de revisión ante quien dicta esta resolución mediante escrito que deberá expresar la infracción cometida a juicio del recurrente, en el plazo de **TRES DÍAS** hábiles siguientes a su notificación. (Art. 188.2 de la LJS). El recurrente que no tenga la condición de trabajador o beneficiario de régimen público de la Seguridad Social deberá hacer un depósito para recurrir de 25 euros en la Cuenta de Depósitos y Consignaciones Judiciales abierta en la entidad BANCO SANTANDER, expediente número 2323000031014318. Quedan exentos de su abono, en todo caso, el Ministerio Fiscal, el Estado, las Comunidades Autónomas, las Entidades locales y los Organismos Autónomos dependientes de ellos.

EL LETRADO DE LA ADMINISTRACIÓN DE JUSTICIA”

Y para que sirva de NOTIFICACIÓN EN LEGAL FORMA a PIZARRAS VEIRA DO RÍO SL, en ignorado paradero, expido el presente para su inserción en el Boletín Oficial de LUGO.

Se advierte al destinatario que las siguientes comunicaciones se harán fijando copia de la resolución o de la cédula en el tablón de anuncios de la Oficina judicial, salvo el supuesto de la comunicación de las resoluciones que deban revestir forma de auto o sentencia, o cuando se trate de emplazamiento.

LUGO, a dieciocho de junio de dos mil diecinueve.- **EL LETRADO DE LA ADMINISTRACIÓN DE JUSTICIA.**

R. 1835

XULGADO DO SOCIAL N.º 3 LUGO

Anuncio

DOÑA MARÍA DE LOS ÁNGELES LÓPEZ CARBALLO, Letrado de la Administración de Justicia del Juzgado de lo Social nº 3 de LUGO, **HAGO SABER:**

Que en el procedimiento de **EJECUCIÓN DE TÍTULOS JUDICIALES Nº 22/2019** de este Juzgado de lo Social, seguido a instancia de **DOÑA ELENA YUDINA** contra la **EMP. “STEREO MUSIC SHOW, S.L.”**, sobre **RECLAMACIÓN DE CANTIDAD**, se ha dictado **DECRETO** de fecha 20-06-2019 cuya parte dispositiva es del tenor literal siguiente:

“**Acuerdo:**

- a) Declarar a la empresa ejecutada “STEREO MUSIC SHOW, S.L.”, en situación de **INSOLVENCIA por importe de 1.094,40 EUROS**, insolvencia que se entenderá, a todos los efectos, como provisional.
- b) Hacer entrega de certificación a la parte ejecutante para que surta efectos ante el Fondo de Garantía Salarial, una vez sea firme la presente resolución.
- c) **Archivar** las actuaciones previa anotación en el Libro correspondiente, y sin perjuicio de continuar la ejecución si en lo sucesivo se conocen nuevos bienes del ejecutado.

Notifíquese a las partes, haciéndoles saber que en aplicación del mandato contenido en el artículo 53.2 de la LJS, en el primer escrito o comparecencia ante el órgano judicial, las partes o interesados, y en su caso los profesionales designados, señalarán un domicilio y datos completos para la práctica de actos de comunicación. El domicilio y los datos de localización facilitados con tal fin, **surtirán plenos efectos y las notificaciones en ellos intentadas sin efecto serán válidas** hasta tanto no sean facilitados otros datos alternativos, siendo **carga procesal de las partes** y de sus representantes **mantenerlos actualizados**. Asimismo deberán comunicar los cambios relativos a su número de teléfono, fax, dirección electrónica o similares, siempre que estos últimos estén siendo utilizados como instrumentos de comunicación con el Tribunal.

MODO DE IMPUGNACIÓN: Contra la presente resolución cabe **recurso directo de revisión** que deberá interponerse ante quien dicta la resolución en el plazo de **TRES DÍAS** hábiles siguientes a la notificación de la misma con expresión de la infracción cometida en la misma a juicio del recurrente, art. 188 LJS. El recurrente que no tenga la condición de trabajador o beneficiario de régimen público de la Seguridad Social deberá hacer un depósito para recurrir de 25 euros, en la cuenta nº 2324/0000/64/0022/19 en el BANCO SANTANDER debiendo indicar en el campo concepto, "recurso" seguida del código "31 Social-Revisión de resoluciones Secretario Judicial". Si el ingreso se hace mediante transferencia bancaria deberá incluir tras la cuenta referida, separados por un espacio con la indicación "recurso" seguida del "31 Social-Revisión de resoluciones Secretario Judicial". Si efectuare diversos pagos en la misma cuenta deberá especificar un ingreso por cada concepto, incluso si obedecen a otros recursos de la misma o distinta clase indicando en el campo de observaciones la fecha de la resolución recurrida utilizando el formato dd/mm/aaaa. Quedan exentos de su abono en todo caso, el Ministerio Fiscal, el Estado, las Comunidades Autónomas, las Entidades locales y los Organismos Autónomos dependientes de ellos.”

Y para que sirva de **NOTIFICACIÓN EN LEGAL FORMA a la EMPRESA “STEREO MUSIC SHOW, S.L.”**, en ignorado paradero, expido el presente para su inserción en el Boletín Oficial de LUGO.

Se advierte al destinatario que las siguientes comunicaciones se harán fijando copia de la resolución o de la cédula en el tablón de anuncios de la Oficina judicial, salvo el supuesto de la comunicación de las resoluciones que deban revestir forma de auto o sentencia, o cuando se trate de emplazamiento.

LUGO, veinte de junio de dos mil diecinueve.- **LA LETRADO DE LA ADMINISTRACIÓN DE JUSTICIA.**

R. 1836

MINISTERIO DE FACENDA

BASE DE DATOS NACIONAL DE SUBVENCIONES (BDNS) – XOVE

Anuncio

RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA Nº 2019-0362 DO 18 DE XUÑO DE 2019 POLA QUE SE APROBA A CONVOCATORIA DOS PREMIOS DO CONCURSO DE FOTOGRAFÍA MEDIOAMBIENTAL “XOVE, A SÚA COSTA E O SEU MAR” DO ANO 2019

BDNS (Identif.): 463655

De conformidade co previsto nos artigos 17.3.b e 20.8.a da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, publícase o extracto da convocatoria cuxo texto completo pode consultarse na Base de Datos Nacional de Subvencións (<http://www.pap.minhap.gob.es/bdnstrans/index>):

Primeiro. Beneficiarios, requisitos e prazo de presentación de solicitudes de participación.

Poderá participar no concurso e ser beneficiario destas axudas calquera persoa.

Toda a documentación será presentada nun sobre pechado consignando no seu exterior VI Concurso de fotografía medioambiental “Xove, a súa costa e o seu mar”.

A documentación a presentar será a seguinte:

- Ficha de inscrición-autoría establecida ao efecto
- Copia do N.I.F. do concursante
- CD que conteña as imaxes dixitais

O sobre deberá presentarse ata o día 13 de setembro de 2019, e poderase presentar tanto no Rexistro de Entrada de Documentos (Casa do Concello, camiño real, s/N; 27870, Xove) coma mediante envío por correo postal ordinario. Neste último caso, deberase facer constar no sobre pola Oficina de Correos a data de presentación, que será igualmente como máximo, o día 13 de setembro de 2019.

Segundo. Obxecto

Constitúe o obxecto das presentes bases a regulación do procedemento aplicable para o outorgamento dos premios do Concurso de fotografía medioambiental “Xove, a súa costa e o seu mar”, organizado polo Concello de Xove.

Terceiro. Bases reguladoras

Pode consultarse a Ordenanza Xeral de Subvencións do Concello de Xove na seguinte dirección:

<http://xove.sedelectronica.gal/transparency/58926865-bd2e-46f3-857a-14f57f19f9fd/>

Cuarto. Contía dos premios

Habrará una única categoría, con los siguientes premios:

Primeiro premio: 120 euros

Segundo premio: 100 euros

Terceiro premio: 90 euros

Cuarto premio: 75 euros

Quinto premio: 65 euros

A contía dos premios anteriores é líquida. De acordo co disposto no artigo 75.3 do RD 439/2007, de 30 de marzo, polo que se aproba o Regulamento do Imposto sobre a Renta das Persoas Físicas, non existe obriga de practicar retención por ningún dos anteriores premios, ao tratarse de importes inferiores a 300,00 euros.

Quinto.- Outra información para os beneficiarios dos premios

Con carácter xeral, os premios están incluídos no ámbito de aplicación da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, polo que o Concello de Xove é un órgano obrigado a facilitar información da concesión dos presentes premios á Base de Datos Nacional de Subvencións. Igualmente, con carácter xeral, non obstante o establecido na Base Sexta (non existe obriga de practicar retención por ser inferiores a 300,00 euros), os premios están suxeitos ao IRPF segundo o establecido no artigo 75.2 do RD 439/2007, de 30 de marzo, sendo a Axencia Estatal da Administración Tributaria un dos órganos cesionarios dos datos rexistrados na Base de Datos Nacional de Subvencións en virtude da colaboración coa Administración Tributaria que establece o artigo 20 da Lei 38/2003, de 17 de novembro.

Xove, 25 de xuño de 2019.- O ALCALDE, JOSÉ DEMETRIO SALGUEIRO RAPA.

R. 1871
